



SE CONTINÚA A DEGRADACIÓN DOS SALARIOS HABERÁ CONFLITO LABORAL E SOCIAL

As empresas continúan repercutindo a subida do IPC aos prezos dos seus produtos cargando todo o peso da inflación na cidadanía, aproveitando a alza para elevar tamén a marxe de beneficio por unidade productiva, provocando con iso un forte efecto de segunda rolda tanto na inflación subxacente, 5,5%, como na xeral, 10,2%.

Ante esta situación, temos que seguir mobilizando para conseguir que os convenios garantan o poder adquisitivo dos salarios coas imprescindibles cláusulas de garantía salarial.

A inflación avanzada do mes de xuño déixanos unha subida do 1,8%, e coloca a subida dos prezos nun 10,2% interanual e a inflación subxacente nun 5,5%. Os preocupantes datos veñen ratificar a necesidade de fortalecer o desenvolvemento da negociación colectiva, no que a protección do incremento dos salarios, determinantes para o sustento e a dignidade da cidadanía, garántase con cláusulas de revisión salarial para manter o poder de compra das persoas traballadoras e, con iso, unha vida digna. Esixencia que non só é de xustiza, senón que é fundamental para manter a economía e o emprego.

Por outra banda, desde UGT e CCOO consideramos que o Goberno ten que apostar por medidas que conteñan os prezos, dunha forma especial os dos produtos de consumo básicos, e abordar políticas centrais redistributivas, como a fiscalidade, desde a negociación e o acordo no ámbito do diálogo social, ausentes na inquietante situación que atravesamos.

As medidas adoptadas polo Goberno camiñan na dirección correcta; sen embargo, cremos que unhas non son suficientes e outras non están a ter o efecto previsto.

En todo caso, si tiveron un impacto positivo na contención dos prezos do gas e a electricidade, pero non serviron para frear as da gasolina e carburantes en xeral, polo que

fai falta tomar medidas de contención de prezos que eviten que as subvencións efectuadas polo Goberno acaben sendo absorbidas polas grandes petroleiras, como está a ocorrer, en lugar de repercutir no benestar da cidadanía.

Non nos imos a resignar ante este escenario, onde o empresariado deste país pretende facer recaer sobre a clase traballadora o custo da crise de prezos xerada pola subida dos prezos enerxéticos, e agravada coa guerra de Ucraína.

As organizacións empresariais negáronse a acordar referencias para a negociación colectiva no marco do AENC, co obxectivo de frear o acordo nos convenios colectivos pretendendo a conxelación salarial. Por iso, debemos seguir coa nosa estratexia, en contacto directo coas persoas traballadoras, para poñer en valor a negociación colectiva, recuperar dereitos e mellorar os salarios para mellorar a calidade de vida. Demandamos das organizacións empresariais corresponsabilidade e altura de miras.

Por iso, desde UGT e CCOO imos dar a batalla para garantir o poder adquisitivo dos salarios.

Tivemos unha gran mobilización o 9 de xuño en Madrid, agora toca saír á rúa de novo en todas as comunidades autónomas o 6 de xullo.

As patronais teñen que saber que seguiremos apoiando o número considerable de folgas e conflitos sectoriais e de empresas ao longo e ancho do país, motivados pola cerrazón e avaricia do empresariado, en defensa dos nosos convenios colectivos e dos nosos salarios.

PORQUE SE NON HAI SUBIDA SALARIAL POLA VÍA DA NEGOCIACIÓN E DO ACORDO, HABERÁ CONFLITO

